



2 A Xunta recibirá 113,8 millóns de euros para políticas activas de emprego, un 14 por cento máis que no exercicio anterior

4 O DOG publica as axudas para formación dual que permitirán a formalización de 500 contratos para menores de 30 anos

A Consellería de Traballo e Benestar investirá nesta iniciativa máis de 2,6 millóns de euros. Poderán beneficiarse destas subvencións as entidades locais que realicen contratacións de formación e aprendizaxe, así como as persoas empregadoras e as empresas.

10 Informe do paro rexistrado

Galicia pecha o mes de abril con 7.376 persoas desempregadas menos que en marzo

12 EPA

Enquisa de poboación activa 1º trimestre de 2015



15 Publicada no DOG a convocatoria de Benestar de 600 prazas para estadias en balnearios dirixidas ás persoas maiores de Galicia

19 Aberto o prazo de presentación de solicitudes para acollerse á Orde de voluntariado xuvenil que beneficiará 830 mozos e mozas

22 Publicacións

Catálogo de publicacións na web



Sumario

| | | | |
|----------------------------|------|--------------------------|-------|
| Traballo | 2-13 | Política social | 14-17 |
| Accidentes laborais | 9 | Xuventude e voluntariado | 18-21 |
| Informe do paro rexistrado | 10 | Publicacións e normativa | 22-32 |

Créditos

Edita: Consellería de Traballo e Benestar
Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
Coordinación: Pepa Dabán Royo
Maquetación: Antonio Lameiro Ces
ISSN: 2254-7835



A Xunta recibirá 113,8 millóns de euros para políticas activas de emprego, un 14 por cento máis que no exercicio anterior

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou en Madrid na conferencia sectorial de emprego, onde se formalizou a distribución destes fondos
- ▶ A repartición tivo en conta o cumprimento dos obxectivos por parte das comunidades autónomas, o que favoreceu que Galicia aumentase o seu financiamento
- ▶ Ademais, Mato presentou o Plan anual de políticas activas de emprego galego, no que se inclúen un global de 88 programas, o 20 por cento do total de todo o Estado
- ▶ Na xuntanza propúxose a Galicia como sede dun seminario de boas prácticas no recoñecemento da experiencia profesional.

Madrid, 13 de abril de 2015.- A Consellería de Traballo e Benestar recibirá este ano do Estado un total de 113,8 millóns para financiar a execución de políticas activas de emprego, o que supón ao redor dun 14 por cento máis do que se lle asignara no exercicio anterior.

Así o explicou a titular deste departamento autonómico, Beatriz Mato, tras participar en Madrid na Conferencia Sectorial de Emprego, un encontro no que se

formalizou a distribución destes fondos, ao tempo que se abordaron outros asuntos de interese do eido laboral.

Este ano, nos criterios de repartición volveron incluír o cumprimento de obxectivos nas políticas de emprego por parte das comunidades autónomas. De feito, a porcentaxe que supón este indicador aumentou do 40 ao 60 por cento. “Desde Galicia apoiamos plenamente esta repartición, porque representa o

modelo máis eficiente e transparente, e premia as boas prácticas das autonomías en materia de emprego”, subliñou a conselleira.

Na xuntanza, Mato presentou tamén o Plan anual de políticas activas de emprego galego, ao igual que o resto das autonomías. Sinalou que Galicia é a comunidade que máis programas ten incluído na súa planificación, un total de 88, o que supón un 20 por cento das 442 iniciativas que se presentaron desde todas as comunidades. É dicir, “un de cada cinco programas para o emprego das comunidades autónomas en 2015 desenvolveranse en Galicia”. Ademais, a conselleira fixo fincapé en que isto tamén supón que o Goberno galego se está marcando “maiores retos” nas políticas activas de emprego.

Ademais da distribución de fondos e presentación das

planificacións para este ano, na reunión tamén se abordaron, entre outros asuntos, as actuacións que tanto Estado como autonomías están a desenvolver no marco dos programas Activa e Garantía xuvenil.

Activa e Garantía xuvenil

Cabe lembrar que Galicia foi a primeira comunidade autónoma en poñer en marcha medidas complementarias para o programa Activa para parados de longa duración con cargas familiares. A planificación propia galega inclúe 6 medidas, un orzamento de 10 millóns de euros, e está dirixida a uns 20.000 beneficiarios potenciais. Garantía xuvenil, pola súa banda, destínase a menores de 25 anos que nin estudan nin traballan. Ten un orzamento de 48 millóns de euros para a execución de 9 medidas e os beneficiarios

potenciais chegan aos 30.000. Actualmente, xa están en marcha diversas actuacións de ambos programas, mentres que as restantes estarán operativas, na súa totalidade, antes do verán.

Por último, outro dos principais puntos que se tratou foi a proposta

de Galicia como sede dun seminario de boas prácticas no campo do recoñecemento da experiencia profesional. A xuízo de Mato, “isto vén a recoñecer a aposta realizada desde a Xunta para acadar a acreditación oficial da experiencia dos traballadores galegos”.

Ata agora, téñense realizado sete convocatorias de acreditación desde marzo de 2011, con 10.000 prazas para distintas especialidades. Grazas a estas iniciativas, 5.000 persoas conseguiron xa o seu certificado completo.

“Imos seguir traballando de forma continua en novas convocatorias para que os profesionais galegos que levan moito tempo exercendo o seu traballo poidan obter un certificado oficial que acredite a súa preparación e experiencia”, rematou Mato.

Mato defende a utilidade das políticas activas de emprego e unha formación de calidade para mellorar a empregabilidade

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou nunha mesa redonda sobre esta materia no marco da conferencia ‘A Ágora do emprego’
- ▶ Para a responsable de Traballo, investir en políticas activas en época de crise é “a mellor ferramenta para axudar a conter a destrución de emprego e para a recolocación dos desempregados”
- ▶ No referente aos menores de 25 que nin estudan nin traballan, a Xunta puxo en marcha o pasado mes de xaneiro o Programa de garantía xuvenil froito da colaboración directa co Ministerio de Emprego e Seguridade Social e a Unión Europea
- ▶ En canto aos parados de longa duración, acordouse cos axentes sociais un plan complementario ao Programa extraordinario de activación para o emprego do Ministerio
- ▶ A orde de contratación para perceptores da Renda de inclusión social de Galicia (RISGA) dobrou este ano o seu orzamento ata os 10 millóns de euros, o que vai permitir acadar os 1.100 beneficiarios



Madrid, 6 de abril de 2015.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou hoxe nunha mesa redonda sobre políticas activas de emprego no marco da conferencia ‘A Ágora do emprego’ na que defendeu a importancia das políticas activas de emprego “para gañar en eficiencia e en efectividade, para a mellora da empregabilidade real dos traballadores”.

Así mesmo, a conselleira incidiu na relevancia do novo modelo de formación aprobado polo Goberno a finais de marzo, que entende que outorga unha maior calidade ao aplicar “un estrito modelo de concorrencia competitiva”.

As políticas activas, segundo explicou Mato, “enriquecen o currículo, fortalecen a posición no mercado laboral e equiparan, na medida do posible, a oferta e a demanda de emprego”. Polo tanto, para a responsable de

Traballo, investir nesta materia en época de crise é “a mellor ferramenta para axudar a conter a destrución de emprego e para a recolocación dos desempregados” mentres que, en épocas de bonanza, “o crecemento será tanto máis sólido canto máis fortes sexan estas iniciativas nunha sociedade”.

Estas políticas están especialmente deseñadas para as persoas en situación de desemprego e os colectivos que están a encontrar maiores problemas no acceso ao mercado laboral como os mozos e mozas, os parados de longa duración ou as persoas en situación de risco de exclusión.

No referente aos menores de 25 anos que nin estudan nin traballan, lembrou que a Xunta puxo en marcha o pasado mes de xaneiro o programa de Garantía xuvenil froito da colaboración directa co Ministerio de Emprego

e Seguridade Social e a Unión Europea. A aplicación en Galicia conta con 9 medidas específicas e un orzamento de 49 millóns de euros.

Ademais, o departamento autonómico conta con outras medidas dirixidas aos mozos e mozas como o Plan de emprego xuvenil para reducir o desemprego entre os menores de 30 anos, que conta cun orzamento global de 100 millóns de euros. Ambos programas favoreceron que o desemprego entre os menores de 25 anos se reducise en Galicia un 21,5% en 2014.

Parados de longa duración

En canto aos parados de longa duración, tamén no mes de xaneiro se acordou cos axentes sociais un plan complementario ao Programa extraordinario de activación para o emprego que o Ministerio puxo en marcha a nivel nacional. Mato

lombrou que Galicia foi a primeira comunidade en deseñar un programa complementario de medidas “que se axusten coa maior precisión posible ás necesidades propias dos desempregados galegos”. Este plan conta con seis medidas específicas e un orzamento de 10 millóns de euros para un total de 20.000 potenciais beneficiarios en Galicia.

Beatriz Mato enumerou tamén un terceiro grupo prioritario, o das persoas en situación de risco de exclusión. Para este colectivo, o pasado ano púxose en marcha por primeira vez unha orde de contratación para perceptores da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) cun orzamento de 5 millóns de euros, cos que se financiou a contratación de máis de 600 beneficiarios en 120 municipios. Este ano dobrouse o seu orzamento ata os 10 millóns de euros, o que vai permitir acadar os 1.100 beneficiarios.

O DOG publica as axudas para formación dual que permitirán a formalización de 500 contratos para menores de 30 anos

- ▶ A Consellería de Trabajo e Benestar investirá nesta iniciativa máis de 2,6 millóns de euros
- ▶ Poderán beneficiarse destas subvencións as entidades locais que realicen contratacións de formación e aprendizaxe, así como as persoas empregadoras e as empresas
- ▶ O prazo para solicitar as axudas comeza mañá e rematará o 30 de setembro para as empresas e o 15 de novembro para as entidades locais
- ▶ Esta iniciativa consiste en proporcionar aos beneficiarios un contrato asociado a unha actividade formativa de calidade
- ▶ A orde inclúe dous programas de incentivos; para a formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe e para a actividade laboral do contrato
- ▶ Os contratos para a formación e a aprendizaxe incentivaranse cunha axuda de ata 1.200 euros e, no caso da formación, será subvencionable sempre que exceda do 25% da xornada laboral

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2015.- O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde de axudas da Consellería de Trabajo e Benestar para a formación dual co que se prevé poder formalizar preto de 500 contratos para mozos e mozas menores de 30 anos. O departamento autonómico investirá nesta iniciativa, coa que se regula, polo tanto, o financiamento de formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe, máis de 2,6 millóns de euros.

Con esta actuación, o departamento autonómico dá resposta á aposta do Goberno galego por incentivar o emprego a través do contrato de formación e aprendizaxe, xa que así se poden formar os mozos e mozas mentres perciben unha retribución polo seu traballo, amparados por un contrato con todas as garantías legais e cun salario estipulado e axustado ao convenio colectivo e supervisado polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

Esta iniciativa, que combina un posto de traballo cunha actividade formativa, está dirixida, especialmente, aos menores de 30 anos cunha baixa cualificación e que estean en situación de desemprego. Tamén poderán ser beneficiarios os mozos inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil.

Poderán ser beneficiarias dos incentivos as entidades locais para ás que se destinan 1,4 millóns de euros do global da orde de axudas e, doutra banda, as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídos os autónomos e as sociedades civís e comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten traballadoras e traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen na orde.

O prazo de solicitude destas axudas rematará o 30 de setembro para as empresas e o 15 de novembro para as entidades locais.

A iniciativa ofrece aos mozos desempregados un contrato profesional e unha formación certificada, ao tempo que as entidades contratantes teñen a posibilidade de contar con profesionais preparados para determinados labores específicos. O proxecto consiste en proporcionar aos beneficiarios un traballo asociado a unha actividade formativa de calidade vinculada á demanda real do mercado laboral e a un certificado de profesionalidade, de validez estatal.

Deste xeito, ademais de proporcionar un traballo, mellórase a preparación e cualificación dos participantes, un aspecto especialmente importante no caso daqueles mozos e mozas que en época de bonanza abandonaron a súa formación por un posto de traballo, que entón abundaban en sectores como a construción ou o metal e que a día de hoxe non contan cunha formación específica nin outra experiencia laboral.

Este contrato ofrece vantaxes e oportunidades tanto para a empresa como para o traballador. Trátase dun contrato cun salario acorde ao convenio colectivo. A súa duración mínima é dun ano, podendo chegar ata os tres.

Dous tipos de incentivos

A orde de axudas conta con dous tipos de programas de incentivos: para a formación asociada

aos contratos e para a actividade laboral do contrato.

No primeiro caso, para o programa de incentivos á formación, será subvencionable a formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe que exceda do 25% da xornada laboral (ata o 25 por cento será bonificado polo Estado) e se teña desenvolvida no ano 2014 e no ano 2015, con anterioridade ao 15 de novembro do ano 2015, no caso das entidades locais, e con anterioridade ao 30 de setembro do ano 2015, no caso das empresas. En todo caso, só serán subvencionables os gastos de formación posteriores ao 14 de novembro de 2014. No suposto de que as persoas traballadoras contratadas con posterioridade ao 24 de xaneiro de 2015, sexan persoas beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil só será subvencionable a formación que exceda do 50% da xornada laboral.

Doutra banda, os contratos para a formación e a aprendizaxe incentivaranse cunha axuda de ata 1.200 euros, sempre que o tempo efectivo de traballo sexa igual ao 75% da xornada de traballo e a parte proporcional, se a xornada de traballo é menor. Neste último caso, poderase subvencionar a cotización á Seguridade Social correspondente á persoa empregadora, sempre que o contrato para a formación e o aprendizaxe sexa realizado por una entidade da Administración local de Galicia e sen que en ningún caso a contía da subvención poida superar a contía máxima de 2.000 euros.

A Xunta destaca que os programas de educación non formal impulsan o espírito emprendedor entre a mocidade



Santiago de Compostela, 24 de abril de 2015.- A Consellería de Trabajo e Benestar segue a apostar polos programas de educación non formal, xa que se tratan de experiencias que axudan ao crecemento e desenvolvemento persoal dos mozos e mozas e impulsan o espírito emprendedor, o traballo en equipo, a toma de decisión, a capacidade comunicativa, ou a solidariedade entre a mocidade. Estas iniciativas forman parte das diferentes actuacións que o Goberno galego está a

desenvolver para mellorar a empregabilidade dos mozos e mozas, tal e como expuxeron en Santiago a directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz López, e o director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, na apertura da feira de emprego da Universidade de Santiago 'Excellence Job Fair'.

Rodeiro explicou que os valores da educación non formal son "moi apreciados" polas empresas á hora de contratar novos traballadores e, de feito, lembrou que a Universidade de

- ▶ A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz López, e o director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, asistiron en Santiago á apertura da feira de emprego da Universidade de Santiago 'Excellence Job Fair'
- ▶ Díaz López explicou as iniciativas que está a desenvolver a Administración autonómica en materia de emprego xuvenil
- ▶ Rodeiro destacou que os valores da educación non formal son "moi apreciados" polas empresas á hora de contratar novos traballadores e traballadoras.

Santiago de Compostela (USC), en colaboración co departamento autonómico, ten previsto elaborar un estudo que cuantifique o efecto positivo que os programas de educación non formal achegan aos mozos e mozas.


Pola súa banda, Rodeiro indicou a importancia de seguir a desenvolver este tipo de programas e, neste eido, é preciso lembrar que a Consellería de Trabajo e Benestar incrementou este ano nun 25 por cento o orzamento destinado aos programas de educación non formal, ata chegar aos 2,5 millóns de euros, o que permitirá beneficiar a 4.000 mozos e mozas. O director de Xuventude apuntou tamén neste ámbito que o mes pasado publicouse no Diario Oficial de Galicia

(DOG) unha orde que regula a expedición de certificacións oficiais das experiencias, competencias e habilidades adquiridas polos mozos en todos este tipo de programas.

Pola súa banda, Díaz López, durante a súa intervención, explicou as iniciativas que ten impulsado o departamento de emprego xuvenil. Destacou especialmente o Programa de garantía xuvenil, destinado aos menores de 25 anos. Conta cun orzamento total de 49 millóns de euros, distribuído en nove medidas específicas. Este programa complétase co Plan de emprego xuvenil, posto en marcha xa o ano pasado polo Goberno galego, e que conta con 100 millóns de euros.

<http://planemregoxuvenil.xunta.es/>

AQUÍ TES UN PLAN PARA TI



http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150427/AnuncioCA05-210415-0001_gl.html

Traballo desenvolve as probas da segunda convocatoria de acreditación da experiencia profesional para 600 socorristas

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, desprazouse ata a praia de Santa Cristina de Oleiros, onde 106 alumnos e alumnas participaron nunha das probas de avaliación
- ▶ Os participantes tiveron que realizar unha simulación do rescate dunha persoa accidentada, efectuando aproximación, control, remolque e extracción
- ▶ O departamento autonómico xa ten en marcha unha terceira convocatoria con 500 novas prazas que sumadas á primeira e segunda aumentará a oferta ata 1.500 para profesionais do socorrismo.

Oleiros (A Coruña), 11 de abril de 2015.- A praia de Santa Cristina de Oleiros acolleu unha das probas de avaliación da segunda convocatoria de acreditación da experiencia profesional para socorristas coa que a Consellería de Traballo e Benestar oferta 600 prazas (300 en instalacións acuáticas e 300 en espazos naturais) para que os profesionais deste ámbito poidan obter un documento oficial que acredite a súa preparación e experiencia. Tomaron parte na proba máis dun cento de alumnos e alumnas.

A titular do departamento autonómico, Beatriz Mato,

desprazouse ata o areal, onde supervisou a proba, que consistiu nunha simulación do rescate dun accidentado, efectuando aproximación, control, remolque e extracción.

A terceira convocatoria para socorristas xa está en marcha con 500 novas prazas, que sumadas á primeira e segunda convocatoria aumentará a oferta ata ás 1.500 para profesionais do socorrismo desde o ano 2013. Na primeira convocatoria acadáronse 302 certificados completos.

Mato lembrou que Galicia foi a primeira autonomía en poñer en marcha probas de acreditación

para socorristas en todo o territorio nacional, recordando que todos os profesionais deste ámbito teñen que conseguir esta acreditación ante de 2017 para poder seguir exercendo o seu traballo.

Desde o ano 2011, a Consellería de Traballo e Benestar vén convocando preto de 10.000 prazas en distintas especialidades: atención sociosanitaria, redeiras, tubeiros, cubertas, operacións de restaurante e bar, control de pragas, tubaxe, soldadura, socorrismo e información xuvenil. Ata o momento preto de 5.000 candidatos obtiveron o certificado completo.

Mato sinalou que, ademais, a Xunta financia actividades de formación coas que se poden conseguir tamén certificados de profesionalidade. Entre as acreditacións e os cursos de formación preto de 50.000 galegos e galegas obtiveron desde 2009 un

certificado de validez nacional que acredita a súa formación, amplía os seus currículos e mellora a súa profesionalidade. "Na Xunta temos un firme compromiso coa mellora da empregabilidade dos nosos traballadores e traballadoras", subliñou Mato, ao tempo que sinalou que este compromiso do Goberno galego neste eido sitúa a Galicia á cabeza de todas as autonomías en formación certificada.

Por último, é preciso destacar que a Consellería de Traballo e Benestar destina este ano máis de 66 millóns de euros en formación, un 4,5 por cento máis que en 2014, o que permitirá a formación de ao redor de 25.000 novos traballadores e traballadoras durante este ano. "A práctica totalidade das actividades de formación financiadas pola Consellería están vinculadas á obtención dun destes certificados de profesionalidade", rematou Mato.

A Xunta ratifica o seu compromiso cos 2.000 traballadores con discapacidade dos centros especiais e valora o seu labor

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou na Coruña no 'Encontro empresarial para a integración laboral', organizado pola Asociación Empresarial Galega de Centros de Emprego sen Ánimo de Lucro (Cegasal) e a Cámara de Comercio
- ▶ A titular de Traballo resaltou a importancia dos 114 centros especiais de emprego de Galicia lembrando que os seus beneficios reverten en actuacións a favor da inclusión social.

A Coruña, 23 de abril de 2015.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, ratificou o seu compromiso coas 2.000 persoas con diversidade funcional que traballan nos 114 centros especiais de emprego de Galicia, lembrando que a Xunta subvenciona o contrato laboral de todos eles, xa que apuntou que "estes centros son un impulso e ponte cara á empresa ordinaria das persoas con discapacidade".

Mato destacou na Coruña que o acceso a un posto de traballo das persoas con discapacidade e a súa permanencia nel "a

mellor vía de inserción social" no 'Encontro empresarial para a integración laboral', organizado pola Asociación Empresarial Galega de Centros de Emprego sen Ánimo de Lucro (Cegasal) e a Cámara de Comercio da Coruña. Cegasal aglutina na actualidade 19 centros especiais de emprego que se converteron "nun referente da inclusión a través do emprego", segundo Mato, quen tamén lembrou que este colectivo xa forma parte da Confederación de Empresarios da Coruña "en completa igualdade co resto de empresas".

Neste foro, a titular de Traballo resaltou que tanto os centros especiais de emprego de Cegasal como os restantes de Galicia contribúen cada día "á construción dunha sociedade máis dura, xusta e igualitaria" recordando que os beneficios que xera a súa actividade produtiva reverten nos propios centros ou noutras actuacións en favor da inclusión. "A cooperación con estes centros, o establecemento de novas liñas de colaboración e a aposta polos traballadores con discapacidade son o camiño que hai que seguir", destacou a conselleira.

Por iso, a titular de Traballo sinalou que o compromiso da Xunta coas persoas con discapacidade é "total e absoluto" e, deste xeito, a Consellería de

Traballo e Benestar incrementou por segundo ano consecutivo o orzamento para a discapacidade, alcanzando en global a cifra de 100 millóns de euros. Así mesmo, a Xunta aumentou tamén nun 2 por cento o investimento en programas de emprego para a discapacidade, que se achegou a 18 millóns de euros, dos que, aproximadamente, a metade está destinado aos centros especiais de emprego. O apoio da Xunta con Cegasal desde 2009 supera os 16,5 millóns de euros. En definitiva, Mato agradeceu o apoio das empresas aos traballadores e traballadoras con discapacidade e apelou ao seu responsabilidade social para que aposten cada vez máis por contratar a este colectivo co propósito de que poidan demostrar as súas capacidades.

Traballo publica a convocatoria do programa para a adquisición de experiencia en entidades sen ánimo de lucro dotado con 2 millóns

- ▶ A iniciativa dirixese a parados de longa duración de difícil inserción que, mentres se forman, tamén prestarán servizos que redunden en beneficio da colectividade
- ▶ Forma parte do programa de 'Activación para o emprego en Galicia', que conta cun orzamento total de 10 millóns de euros para o desenvolvemento de seis medidas concretas
- ▶ Este plan inclúe outras cinco medidas que son: a contratación de 75 orientadores e técnicos para o SPEG; un programa formativo de competencias clave; o programa de formación dual; incentivos á contratación por conta allea; e o programa de fomento do emprego autónomo

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2015.- O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde que regula as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través de programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, para a contratación temporal de parados de longa duración beneficiarios do Programa de activación para o emprego, posto en marcha de maneira pioneira pola Consellería de Traballo e Benestar a principios de ano.

Con esta convocatoria, que conta cun orzamento de dous millóns de euros, preténdese a adquisición de experiencia laboral a través de contratacións de traballadores en situación de desemprego (o principal requisito

é que teñan transcorrido 6 meses desde o esgotamento das axudas ou das prestacións) en entidades sen ánimo de lucro durante seis meses. Ao tempo, prestaranse servizos de utilidade pública ou interese social que redunden en beneficio da colectividade. As actividades deberán estar relacionadas coa súa titulación ou formación previa, e sempre redundar na mellora do seu nivel de competencia profesional.

A convocatoria é en réxime de concorrencia competitiva e a presentación de solicitudes terá que realizarse unicamente por medios electrónicos a través do formulario dispoñible na sede electrónica <https://sede.xunta.es>. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes

A Xunta acordou en xaneiro

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150427/AnuncioCA05-210415-0001_gl.html



http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Contidos_Estandar/programa_activacion_emplego.pdf



o desenvolvemento do programa de 'Activación para o emprego de longa duración con cargas familiares, avaliado por unha comisión de seguimento entre a Xunta, a CEG, UGT-Galicia, e CC.OO- Galicia. Conta cun orzamento total de 10 millóns de euros para o desenvolvemento das seis medidas concretas que compoñen esta planificación.

Ademais da publicada no

DOG, as outras cinco actuacións son: a contratación de 75 orientadores e técnicos para o SPEG, con 2,5 millóns de euros; un programa formativo de competencias clave, con 2,3 millóns; o programa de formación dual; incentivos á contratación por conta allea, cun orzamento de 2,7 millóns de euros; e o programa de fomento do emprego autónomo, dotado con 500.000 euros.

<http://garantiajuvenil.xunta.es/gaxuve/gl/>

Traballo considera o 2015 “clave” para a consolidación da RSE en Galicia e apostará por facela próxima ás empresas e á cidadanía

- ▶ A directora xeral de Traballo e Economía Social, Carmen Bouso, acompañada da directora-xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, Beatriz González Loroño, inaugurou a '68 Xornada Corresponsables. 10 anos da RSE en Iberoamérica'
- ▶ A Administración está moi comprometida con estes valores, e por isto dedica recursos para que as empresas se sensibilicen e adopten estas prácticas
- ▶ Desde o departamento autonómico puxéronse en marcha diferentes iniciativas na materia como o proxecto de titorización de grandes empresas galegas con respecto á pemes, ou o programa Start Up- Stand Up
- ▶ A xornada 'Corresponsables' enmárcase dentro da liña de explorar vías de colaboración coas empresas privadas na que se está a traballar no Gaiás

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2015.- A directora xeral de Traballo e Economía Social, Carmen Bouso, acompañada da directora-xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, Beatriz González Loroño, inaugurou '68 Xornada Corresponsables. 10 anos da RSE en Iberoamérica', celebrada na Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela.

Na súa intervención, Carmen Bouso valorou que este ano será “clave” para a consolidación da Responsabilidade Social Empresarial (RSE) en Galicia porque “non só se van ver os froitos das políticas e accións que as empresas e organismos públicos vimos

implantando, senón porque desde a Administración seguiremos traballando para facela real e próxima a empresas, organizacións e á cidadanía, impulsando comportamentos responsables”.

Segundo indicou Bouso, a Administración está moi comprometida con estes valores, e por isto dedica recursos para que as empresas se sensibilicen e adopten estas prácticas nas formas de xestionarse. “Para conseguilo deberemos acadar que a Administración realmente asuma a súa responsabilidade como axente tractor, respondendo ás necesidades de empresas e cidadáns; que as empresas sexan conscientes do poder do cambio que teñen; e que a cidadanía o valore e respalde

a aquelas empresas que o fan ben”, aseverou.

Desde o departamento autonómico puxéronse en marcha diferentes iniciativas no marco do Plan estratéxico galego de RSE para os anos 2012-2014, como o proxecto de titorización de grandes empresas galegas con respecto ás pemes ou o programa Start Up- Stand Up, no que novas empresas galegas colaboran con estudantes para avanzar xunidamente na RSE.

Por último, Bouso salientou que “o novo Plan estratéxico, en proceso de elaboración, vai contemplar distintas actuacións para que as empresas implanten a RSE, sendo o principal reto, sen dúbida, o de incrementar a cantidade e calidade do emprego que se xere” co obxectivo de que “responda aos retos globais, ás crecentes demandas dos grupos de interese e que estea aliñado coas prioridades e tendencias nacionais, comunitarias e globais na materia”.

Xornada

A xornada 'Corresponsables' enmárcase dentro da liña de explorar vías de colaboración coas empresas privadas na que

se está a traballar no Gaiás. Pola súa banda, a directora-xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, Beatriz González Loroño, na súa intervención, destacou o papel protagonista das empresas privadas no modelo de xestión deste complexo, lembrando que, grazas a Fundación privada Gaiás e a moitas outras empresas comprometidas coa cultura galega, se financia o programa de actividades culturais que se están a desenvolver de xeito regular na Cidade da Cultura, sen que estas supoñan un custo para a Xunta de Galicia.

Do mesmo xeito, Beatriz González Loroño subliñou que, xunto á programación cultural, a Cidade da Cultura está a traballar tamén no eido da tecnoloxía e do emprendemento e chamou a atención sobre a importancia que se lle está a dar, como demostra que un dos catro edificios abertos ao público se dedique a acoller o Centro de Emprendemento, no que máis de douscentos emprendedores están recibindo apoio para transformar ideas innovadoras en empresas xeradoras de riqueza e emprego.

Galicia pechou o mes de marzo cun total de 2.048 accidentes laborais

- ▶ Do total dos accidentes, 2.017 foron accidentes leves, 26 graves e 5 mortais.
- ▶ Por sectores, descendieron os accidentes na pesca nun 20,44% e na construción nun 15,08%

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2015.- O total dos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia en marzo de 2015 foi de 2.048, o que supón un 7,17 por cento máis que no mesmo mes do ano anterior.

Do total dos accidentes, 2.017 foron accidentes leves, 26 graves e 5 mortais.

Por sectores, descendieron os accidentes na pesca nun 20,44% e na construción nun 15,08%; mentres que aumentaron nos demais sectores: un 10,13% nos servizos, un 15,80% na industria, e un 34,52% na agricultura.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas continxencias profesionais cubertas.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral

en Galicia, aumentou un 5,43% en marzo deste ano respecto ao mesmo mes do ano anterior. Houbo aumentos nos seguintes sectores: nos servizos do 7,55%, na industria do 15,76% e na agricultura do 36,13%. As diminucións foron na pesca (-14,75%) e na construción (-17,52%).

Evolución trimestral

Se se computan os accidentes acumulados no primeiro trimestre (xaneiro-marzo), a cifra ascende a un total de 5.846, un 4,17 por cento máis que no mesmo trimestre do ano anterior.

Este aumento dos accidentes laborais non se produciu en todas as provincias. Rexistrouse un aumento do 18,93% en Pontevedra, e diminucións no resto das provincias: en Lugo nun 1,15%; na Coruña, nunha porcentaxe do 2,44%; e en Ourense, nun 4,02%.

Accidentes totais en xornada laboral no mes de marzo de 2015:

| | 2014 | | | 2015 | | | % Variación | | |
|---------------|--------------|------------|--------------|--------------|------------|--------------|-------------|-------------|-------------|
| | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total |
| Agricultura | 64 | 20 | 84 | 81 | 32 | 113 | 26,56 | 60,00 | 34,52 |
| Pesca | 119 | 18 | 137 | 98 | 11 | 109 | -17,65 | -38,89 | -20,44 |
| Industria | 414 | 86 | 500 | 470 | 109 | 579 | 13,53 | 26,74 | 15,80 |
| Construción | 249 | 3 | 252 | 213 | 1 | 214 | -14,46 | -66,67 | -15,08 |
| Servizos | 506 | 432 | 938 | 577 | 456 | 1.033 | 14,03 | 5,56 | 10,13 |
| Totais | 1.352 | 559 | 1.911 | 1.439 | 609 | 2.048 | 6,43 | 8,94 | 7,17 |

Accidentes totais en xornada laboral de xaneiro a marzo:

| | 2014 | | | 2015 | | | % Variación | | |
|---------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|-------------|-------------|-------------|
| | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total |
| Agricultura | 187 | 71 | 258 | 208 | 77 | 285 | 11,23 | 8,45 | 10,47 |
| Pesca | 322 | 44 | 366 | 255 | 31 | 286 | -20,81 | -29,55 | -21,86 |
| Industria | 1.165 | 257 | 1.422 | 1.291 | 302 | 1.593 | 10,82 | 17,51 | 12,03 |
| Construción | 668 | 8 | 676 | 649 | 7 | 656 | -2,84 | -12,5 | -2,96 |
| Servizos | 1.499 | 1.391 | 2.890 | 1.663 | 1.363 | 3.026 | 10,94 | -2,01 | 4,71 |
| Totais | 3.841 | 1.771 | 5.612 | 4.066 | 1.780 | 5.846 | 5,86 | 0,51 | 4,17 |

Accidentes totais por provincias de xaneiro a marzo:

| | 2014 | | | 2015 | | | % Variación | | |
|---------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|-------------|-------------|-------------|
| | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total |
| A Coruña | 1.801 | 860 | 2.661 | 1.771 | 825 | 2.596 | -1,67 | -4,07 | -2,44 |
| Lugo | 420 | 191 | 611 | 431 | 173 | 604 | 2,62 | -9,42 | -1,15 |
| Ourense | 396 | 201 | 597 | 380 | 193 | 573 | -4,04 | -3,98 | -4,02 |
| Pontevedra | 1.224 | 519 | 1.743 | 1.484 | 589 | 2.073 | 21,24 | 13,49 | 18,93 |
| Totais | 3.841 | 1.771 | 5.612 | 4.066 | 1.780 | 5.846 | 5,86 | 0,51 | 4,17 |

<http://rse.xunta.es/>

<http://issga.xunta.es/portal/contido/observatorio/index.html>

Informe do paro rexistrado

Galicia pecha o mes de abril con 7.376 persoas desempregadas menos que en marzo

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2015.-

Galicia rexistrou no mes de abril un descenso de 7.376 persoas desempregadas, o que supón un 2,93 por cento menos que no mes anterior, a segunda maior baixada en termos intermensuais absolutos de toda a serie histórica (desde 1996). Deste xeito, o número de inscritos no desemprego sitúase nun total de 244.761 persoas na comunidade autónoma.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz, explicou que esta baixada sitúa a Galicia por riba da media estatal

tanto a niveis mensuais (-2,93%), como interanuais (-9,40%)

Así, recordou que xa se acumula "ano e medio" de descensos consecutivos a nivel interanual, e que neste mes esta diminución cifrase en 25.383 persoas menos (-9,40%), a maior destes dezoito meses.

Ademais, este descenso interanual é o maior rexistrado nun mes de abril de toda a serie histórica en termos absolutos, e o maior desde 1999 se se computa en termos relativos. Grazas a esta evolución, Galicia "volve situarse a niveis de paro similares

aos de 2011, isto é, de hai catro anos", subliñou Díaz López.

En España, o desemprego baixou en 118.923 persoas, un 2,67 por cento, ata situarse nos 4.333.016 parados. En termos interanuais, o paro en España baixou nun 7,50%.

Por sectores, o desemprego baixa en todos eles, pero a principal diminución destes meses concéntrase no sector servizos (-4.651). A continuación sitúase a construción (-1.201), seguida pola industria (-897); a agricultura e a pesca (-448), e o colectivo sen emprego anterior (-179).

Por provincias, o desemprego baixou en todas elas, principalmente na Coruña (-3.037), seguida por Pontevedra (-2.680), Lugo (-882), e Ourense (-777).

Contratos

Na evolución dos contratos, este mes rexistráronse un total de 67.180 contratos, 3.338 máis que no mes anterior. Deste total, 5.225 foron indefinidos (7,78%), e 61.955 temporais (92,22%). No eido dos contratos, tamén se rexistra unha interanual positiva do 16,12%.

A distribución do paro rexistrado por provincias é a seguinte:

| | Total | Variación mensual | | Variación anual | |
|----------------|------------------|-------------------|--------------|-----------------|--------------|
| | | Absoluta | Relativa | Absoluta | Relativa |
| A Coruña | 95.891 | -3.037 | -3,07 | -10.165 | -9,58 |
| Lugo | 24.039 | -882 | -3,54 | -2.977 | -11,02 |
| Ourense | 27.136 | -777 | -2,78 | -2.246 | -7,64 |
| Pontevedra | 97.695 | -2.680 | -2,67 | -9.995 | -9,28 |
| Galicia | 244.761 | -7.376 | -2,93 | -25.383 | -9,40 |
| España | 4.333.016 | -118.923 | -2,67 | -351.285 | -7,50 |

A distribución do paro rexistrado por sexos e provincias é a seguinte:

| | Sexos | | TOTAL |
|----------------|------------------|------------------|------------------|
| | Homes | Mulleres | |
| A Coruña | 44.954 | 50.937 | 95.891 |
| Lugo | 11.654 | 12.385 | 24.039 |
| Ourense | 12.628 | 14.508 | 27.136 |
| Pontevedra | 44.566 | 53.129 | 97.695 |
| Galicia | 113.802 | 130.959 | 244.761 |
| España | 2.004.404 | 2.328.612 | 4.333.016 |

A distribución do paro rexistrado por idade e provincias é a seguinte:


| | Idade | | TOTAL |
|----------------|--------------------|--------------------|------------------|
| | Menores de 25 anos | Maiores de 25 anos | |
| A Coruña | 5.027 | 90.864 | 95.891 |
| Lugo | 1.433 | 22.606 | 24.039 |
| Ourense | 1.648 | 25.488 | 27.136 |
| Pontevedra | 5.413 | 92.282 | 97.695 |
| Galicia | 13.521 | 231.240 | 244.761 |
| España | 382.012 | 3.951.004 | 4.333.016 |

A distribución do paro rexistrado por comunidades autónomas é a seguinte:



| | Total | Variación mensual | | Variación anual | |
|--------------------|------------------|-------------------|--------------|-----------------|--------------|
| | | Absoluta | Relativa | Absoluta | Relativa |
| Andalucía | 1.014.675 | -14.425 | -1,40 | -37.105 | -3,53 |
| Aragón | 99.638 | -2.730 | -2,67 | -5.736 | -5,44 |
| Asturias | 94.434 | -1.984 | -2,06 | -6.571 | -6,51 |
| Illes Balears | 66.756 | -8.335 | -11,10 | -9.033 | -11,92 |
| Canarias | 254.016 | -2.835 | -1,10 | -22.770 | -8,23 |
| Cantabria | 45.806 | -1.914 | -4,01 | -7.403 | -13,91 |
| Castilla-La Mancha | 229.610 | -11.213 | -4,66 | -24.039 | -9,48 |
| Castilla y León | 208.462 | -11.455 | -5,21 | -25.671 | -10,96 |
| Catalunya | 552.974 | -18.681 | -3,27 | -58.848 | -9,62 |
| Valencia | 502.532 | -8.084 | -1,58 | -43.745 | -8,01 |
| Extremadura | 128.732 | -5.981 | -4,44 | -14.255 | -9,97 |
| Galicia | 244.761 | -7.376 | -2,93 | -25.383 | -9,40 |
| Madrid | 491.281 | -12.160 | -2,42 | -44.633 | -8,33 |
| Murcia | 135.957 | -4.644 | -3,30 | -7.760 | -5,40 |
| Navarra | 46.370 | -2.057 | -4,25 | -4.375 | -8,62 |
| País Vasco | 167.441 | -3.964 | -2,31 | -10.632 | -5,97 |
| La Rioja | 23.802 | -1.207 | -4,83 | -2.926 | -10,95 |
| Ceuta | 13.405 | 85 | 0,64 | 17 | 0,13 |
| Melilla | 12.364 | 37 | 0,30 | -417 | -3,26 |
| TOTAL | 4.333.016 | -118.923 | -2,67 | -351.285 | -7,50 |

Fonte: SEPE, Febreiro 2015. Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Evolución do paro:



VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA
(Mes en curso – igual mes do ano anterior)



Enquisa de poboación activa (EPA)

A Enquisa de poboación activa (EPA) é unha investigación continua e de periodicidade trimestral dirixida ás familias, realizada polo INE dende 1964, sendo a metodoloxía vixente na actualidade a de 2005.

A súa finalidade principal é obter datos da forza de traballo

e das súas diversas categorías (ocupados, parados), así como da poboación allea ao mercado laboral (inactivos).

A mostra inicial é dunhas 65.000 familias ao trimestre que equivalen aproximadamente a 180.000 persoas.

Os datos correspondentes á poboación activa, ocupada, parada e inactiva en Galicia e España no 1º trimestre de 2015, expresados en miles de persoas, son os seguintes:

| | Total | Activos | Ocupados | Parados |
|----------------|------------------|------------------|------------------|-----------------|
| A Coruña | 974,9 | 536,2 | 430,1 | 106,0 |
| Lugo | 299,2 | 152,2 | 126,6 | 25,6 |
| Ourense | 280,0 | 136,6 | 104,6 | 32,0 |
| Pontevedra | 807,4 | 438,3 | 326,2 | 112,1 |
| Galicia | 2.361,6 | 1.263,2 | 987,5 | 275,7 |
| España | 38.517,20 | 22.899,40 | 17.454,80 | 5.444,60 |


Fonte: EPA 1º trimestre 2015 do INE

Variación interanual

Poboación de 16 anos e máis segundo a súa relación coa actividade laboral e sexo. EPA 1º trimestre 2015 con respecto á EPA 1º trimestre 2014 (miles de persoas).

| | Total | Activos | Ocupados | Parados |
|---------------------|---------|---------|----------|---------|
| Ambos os dous sexos | | | | |
| 1ºT2015 | 2.361,6 | 1.263,2 | 987,5 | 275,7 |
| 1ºT2014 | 2.373,3 | 1.279,8 | 982,8 | 296,9 |
| Homes | | | | |
| 1ºT2015 | 1.130,6 | 665,2 | 522,3 | 142,9 |
| 1ºT2014 | 1.136,4 | 670,6 | 511,9 | 158,6 |
| Mulleres | | | | |
| 1ºT2015 | 1.231,0 | 598,0 | 465,2 | 132,8 |
| 1ºT2014 | 1.236,9 | 609,2 | 470,9 | 138,3 |

Fonte: EPA 1º trimestre 2015 do INE



A distribución dos ocupados, parados, taxa de paro e taxa de emprego por comunidades autónomas é a seguinte:

| | Ocupados (*) | Parados (*) | Taxa de emprego | Taxas de paro |
|------------------|-----------------|----------------|-----------------|---------------|
| Andalucía | 2.683,7 | 1.359,1 | 39,04 | 33,62 |
| Aragón | 524,5 | 119,7 | 47,60 | 18,59 |
| Asturias | 371,8 | 87,2 | 40,61 | 18,99 |
| Illes Balears | 455,9 | 130,7 | 48,82 | 22,29 |
| Canarias | 771,5 | 343,5 | 43,06 | 30,81 |
| Cantabria | 226,3 | 51,5 | 45,77 | 18,54 |
| Castela-A Mancha | 913,3 | 233,7 | 43,49 | 20,38 |
| Castela e León | 707,0 | 284,5 | 41,85 | 28,69 |
| Cataluña | 3.023,2 | 758,0 | 49,76 | 20,05 |
| Valencia | 1.836,3 | 588,8 | 44,65 | 24,28 |
| Extremadura | 350,1 | 151,7 | 38,38 | 30,24 |
| Galicia | 987,5 | 275,7 | 41,82 | 21,83 |
| Madrid | 2.786,6 | 602,8 | 53,08 | 17,79 |
| Murcia | 513,4 | 186,9 | 43,40 | 26,69 |
| Navarra | 258,2 | 47,9 | 49,49 | 15,66 |
| País Vasco | 870,3 | 171,2 | 47,98 | 16,43 |
| A Rioxa | 126,9 | 27,1 | 48,83 | 17,58 |
| Ceuta | 25,2 | 11,7 | 38,94 | 31,76 |
| Melilla | 23,2 | 12,7 | 37,54 | 35,40 |
| TOTAL | 17.454,8 | 5.444,6 | 45,32 | 23,78 |

(*) en miles de persoas

A distribución das taxas de paro por sexo en Galicia e España é a seguinte:

| | Total | Homes | Mulleres |
|----------------|-------------|-------------|-------------|
| A Coruña | 19,8 | 19,4 | 20,2 |
| Lugo | 16,8 | 16,4 | 17,3 |
| Ourense | 23,4 | 24,2 | 22,7 |
| Pontevedra | 25,6 | 24,9 | 26,4 |
| Galicia | 21,8 | 21,5 | 22,2 |
| España | 23,8 | 22,7 | 25,0 |


Fonte: EPA 1º trimestre 2015 do INE-IGE

A distribución das taxas de emprego por sexo en Galicia e España é a seguinte:


| | Total | Homes | Mulleres |
|----------------|-------------|-------------|-------------|
| A Coruña | 44,1 | 48,9 | 39,8 |
| Lugo | 42,3 | 46,2 | 38,7 |
| Ourense | 37,4 | 39,1 | 35,7 |
| Pontevedra | 40,4 | 45,4 | 35,8 |
| Galicia | 41,8 | 46,2 | 37,8 |
| España | 45,3 | 50,7 | 40,2 |

Fonte: EPA 1º trimestre 2015 do INE-IGE


Taxas de paro por comunidades autónomas:



Porcentaxes de parados por sexo en Galicia e España:



Evolución ocupados, parados e taxas de paro:



Benestar impulsa a implantación dunha plataforma de seguimento dos 1.200 usuarios de 'Xantar na casa' en Galicia

- ▶ A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, visitou en Silleda a empresa Culinaria, encargada de elaborar os menús que se reparten en toda a comunidade
- ▶ Esta iniciativa permite que as persoas maiores en risco de exclusión ou dependentes reciban no seu fogar unha alimentación de calidade, adaptada ás súas necesidades
- ▶ Coa nova plataforma, poderase realizar un seguimento a tempo real das incidencias que se rexisten nos fogares, relacionadas con temas como a saúde ou a alimentación
- ▶ Nestes momentos están adheridos a este programa un total de 148 concellos.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2015.- A Consellería de Trabajo e Benestar está implantando unha plataforma de comunicación e seguimento para obter unha información a tempo real dos usuarios do programa Xantar na casa de servizo de comida a domicilio para persoas maiores ou dependentes. Xa se instalou de forma piloto nos concellos de Arzúa, Ferrol, Begonte,

O Carballiño e Vilagarcía, e agora irase estendendo progresivamente ao resto das localidades adheridas a esta iniciativa.

Así o sinalou a titular deste departamento autonómico, durante a súa visita en Silleda á empresa Culinaria, encargada de elaborar os menús que se reparten en todo o territorio galego.

Este novo mecanismo consiste nun punto de control que se

instalará no domicilio de cada persoa. Cada vez que un profesional chega, transmítese directamente á plataforma a data e hora de chegada, así como calquera tipo de incidencia (vivenda, saúde, entregas ou alimentación), que serán valoradas e, de ser o caso, atendidas polos profesionais da Administración competente.

Con esta nova ferramenta dáse un paso máis nos obxectivos xerais do programa Xantar na casa que se centran, fundamentalmente, en proporcionar aos seus case 1.200 usuarios, nos 148 concellos de Galicia adheridos ao programa, unha alimentación de calidade e un seguimento e acompañamento que favorezan a permanencia no seu domicilio habitual.

Os beneficiarios reciben unha vez por semana menús deseñados para os sete días seguintes, que

contan cos sistemas "máis avanzados" para a súa conservación, e que son de fácil preparación. Todos eles son completos e variados, e adaptanse ás necesidades persoais. Así, existen seis tipos de dietas básicas: saudable ou normal; de réxime; diabética; hiposódica; de fácil mastigación; diabética de fácil mastigación. Estes deseños xenéricos poden adaptarse a outras situacións como no caso dos celíacos, de usuarios do sintrom ou de calquera outra situación concreta da persoa.

En definitiva, Xantar na casa –no que a Xunta inviste anualmente máis de 1,3 millóns de euros– constitúe unha proba máis do compromiso do Goberno galego coa mellora da calidade de vida das persoas maiores, especialmente con aquelas en situación de dependencia.

Publicada no DOG a convocatoria de Benestar de 600 prazas para estadias en balnearios dirixidas ás persoas maiores de Galicia

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2014.- O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde que regula a convocatoria do programa "Benestar en balnearios" da Consellería de Trabajo e Benestar co que se pretende contribuír ao mantemento da autonomía das persoas maiores, facilitándolles a posibilidade de gozar duns días de descanso, convivencia e tratamento termal, ocupando o seu tempo libre dun xeito activo e positivo.

Nesta ocasión convócanse un total de 600 prazas repartidas por toda Galicia. En concreto, nos balnearios de Acuña en Caldas de Reis (Pontevedra); Arnoia en Ourense; Augas Santas en Ferreira de Pantón (Lugo); Baños de Brea en Vila de Cruces (Pontevedra); Baños de Molgas en Ourense; Caldelas de Tui en Tui (Pontevedra); O Carballiño (Ourense); Carballo (A Coruña); Cuntis (Pontevedra); Laias en Cenlle (Ourense); Lobios (Ourense); Río Pambre en Palas de Rei (Lugo); e Termas Romanas de Lugo.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o próximo 14 de maio. Os interesados xa poden acceder á información e ao modelo de solicitude na web do departamento <http://benestar.xunta.es/web/portal/portada-de-maiores>

Esta iniciativa facilita ás persoas con menos recursos a

posibilidade de disfrutar duns días de tratamento termal en balnearios emprazados en Galicia. A duración da estadia é de dez días (nove noites).

A mesma inclúe a estadia en habitacións compartidas, en réxime de pensión completa en balnearios, hoteis ou residencias; tratamento termal, segundo prescripción facultativa; e actividades de animación sociocultural.

Para participar nesta iniciativa é necesario ter máis de 60 anos ou 55 reunindo a condición de pensionista, residir en Galicia, valerse por si mesmo, non padecer enfermidade infecto-contaxiosa nin trastornos mentais ou condutuais.

Como novidade, este ano tamén poderán participar os fillos ou fillas ou as persoas tuteladas polas persoas solicitantes que teñan un grado de discapacidade igual ou superior ao 33%, sempre e cando o poidan facer sen necesidade de apoio de terceira persoa e se poidan desprazar con autonomía e compartan a habitación coas persoas proxenitoras.

As solicitudes poderanse presentar nas xefaturas territoriais e nos centros sociocomunitarios. No caso de que dúas persoas queiran acudir xuntas ao mesmo destino e quenda deberán presentar unha única solicitude para a súa baremación conxunta, acompañada da documentación que nela se indica.

- ▶ O prazo de presentación de solicitudes rematará o próximo 14 de maio, os interesados xa poden acceder á información e ao modelo de solicitude na web <http://benestar.xunta.es/web/portal/portada-de-maiores>
- ▶ Como novidade, nesta convocatoria os participantes poderán ir acompañados de fillos ou fillas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%
- ▶ Esta iniciativa facilita ás persoas con menos recursos a posibilidade de desfrutar duns días de tratamento termal en balnearios de Galicia
- ▶ A duración de cada estadia é de dez días (nove noites).



http://www.igualdadebenestar.org/interior.php?txt=arbore_web20&lg=gal

O Consorcio | Escolas infantís | Maiores | Xantar na casa | Inclusión | Tratamento da violencia | Actualidade | Publicacións |

Que é?
Obxectivos
Condições
Implantación
Contacto

Que é?

O programa Xantar na casa é un servizo de comida a domicilio que pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades de persoas maiores, dependentes e/ou en risco de exclusión social, con déficits de autonomía persoal, para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús.

Xantar na casa pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade

O Programa Xantar na casa artículase na xestión directa por parte do Consorcio en colaboración coa Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral de Familia e Benestar e cos concellos consorciados. Esta colaboración formalízase mediante a sinatura dos correspondentes convenios.

PlanE
Plan Estatal para a Estratexia de la Economía y el Empleo
www.planE.gob.es

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE SANIDAD Y POLÍTICA SOCIAL

SECRETARÍA GENERAL DE POLÍTICA SOCIAL
IMSERSO

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150424/AnuncioCA05-210415-0010_gl.pdf



Feijóo avanza que as familias galegas disporán o próximo curso escolar de 500 novas prazas públicas de 0 a 3 anos

- ▶ Explica que, nunha primeira fase, esta iniciativa centrarase nas áreas de Galicia cunha maior demanda de escolas infantís públicas: as sete grandes cidades e as súas áreas metropolitanas
- ▶ Precisa que con esta decisión, e sumando as escolas infantís que se abriron no que vai de lexislatura, o compromiso de poñer 2.000 novas prazas públicas de garderías ata 2016 xa está cumprido nun 50%; e salienta que na actualidade están en marcha 14 novas escolas en distintas fases de construción, que se sumarán ás 159 xa existentes
- ▶ Asegura que a Rede Galiña Azul conta con 9.300 prazas públicas para os nenos e nenas de 0 a 3 anos, o que supón 3.800 prazas públicas máis que en 2009, un incremento do 70%
- ▶ Sinala que a oferta total de prazas sustentadas con fondos públicos en Galicia suma máis de 20.400, xunto coas municipais, as de iniciativa social ou as ofertadas a través do cheque infantil

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2015.-

O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, avanza que as familias galegas disporán o próximo curso escolar de 500 novas prazas públicas de 0 a 3 anos. Para que isto sexa posible, destacou que o Consello da Xunta acaba de autorizar a convocatoria por primeira vez dun concurso público para poder concertar estas prazas: cun investimento aproximado de 2 millóns de euros no primeiro curso,

pero que en total será de 6,5 millóns para poder prorrogalas ata 2018.

Segundo explicou, nunha primeira fase, esta iniciativa centrarase nas áreas de Galicia cunha maior demanda de escolas infantís públicas -as sete grandes cidades e as súas áreas metropolitanas-, de xeito que cada vez sexan menos as familias que nestas áreas queiran acceder a unha gardería pública e non poidan por falta de prazas.

Precisou así que con esta decisión, e sumando as escolas infantís que se abriron no que vai de lexislatura, o compromiso de poñer 2.000 novas prazas públicas de garderías ata 2016 xa está cumprido nun 50%, e salientou que na actualidade están en marcha 14 novas escolas públicas en distintas fases de construción, que se sumarán ás 159 xa existentes. 14 novas escolas, dixo, que seguirán incrementando a oferta da Xunta que, de xeito directo, conta actualmente con 9.300 prazas públicas para os nenos de 0 a 3 na Rede Galiña Azul, o que supón 3.800 prazas públicas máis que en 2009, un incremento do 70%.

Deste xeito, a oferta total de prazas sustentadas con fondos públicos suma máis de 20.400, xunto coas municipais, as de iniciativa social ou as ofertadas a través do cheque infantil. "Destas 20.400 pasamos a 20.900, e isto supón que Galicia cumpre a ratio da UE de contar cun 33% de prazas financiadas con fondos públicos en

función da poboación infantil. En Galicia hai 63.000 nenos e nenas neste momento, e contamos con 20.900 prazas públicas que se incrementarán con 1.000 máis ata finais da lexislatura", apuntou.

Feijóo concluíu lembrando que esta iniciativa se complementa con outras medidas como o aumento este ano da dedución fiscal ata os 1.200 euros anuais no caso do segundo fillo, e ata os 2.400 no caso do terceiro ou sucesivo, de xeito que Galicia se situará á cabeza de todas as autonomías en beneficios fiscais en materia de natalidade. Tamén coa posta en marcha do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica; coa implantación da flexibilidade horaria e o teletraballo para os empregados públicos, ao que se acolleron xa 7.000 funcionarios; e finalmente, coa tramitación da nova carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia, que permitirá ampliar e diversificar os servizos destinados ás familias, coa previsión de que estea aprobada este ano.

Comeza o prazo para solicitar o cheque infantil co que Benestar financiará máis de 1.100 prazas de 0-3 anos no curso 2015/2016

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2015.- O Diario Oficial de Galicia publica a convocatoria de axudas da Consellería de Tráballo e Benestar do cheque infantil, que no curso 2015-2016 está dotada cun orzamento de máis de 1,7 millóns de euros. Con este investimento, poderanse financiar máis de 1.100 prazas de 0-3 anos en escolas infantís privadas destinadas a aquelas persoas que non resultaran adjudicatarias dunha praza pública, ou ben para aquelas familias que residen nunha localidade na que non existen instalacións sostidas con fondos públicos.

Terán prioridade -como en anos anteriores- aqueles nenos e nenas que xa tiveran concedida a axuda no curso pasado, de xeito que se poida dar continuidade á súa escolarización, sempre e cando sigan cumprindo os requisitos da orde, e, como novidade, establécese tamén prioridade na obtención da axuda para aqueles solicitantes de concellos onde non exista ningún centro sostido con fondos públicos.

O prazo de solicitude destas axudas é dun mes. As persoas que non resultasen adjudicatarias

dunha praza pública formando parte das listas de agarda definitivas en calquera das escolas infantís sostidas con fondos públicos e, sempre e cando exerceran a opción polo programa de cheque infantil, non terán agora que cursar solicitude.

A convocatoria deste ano consolida o cambio iniciado na orde publicada en 2012. Desde ese curso os pais e nais poden elixir sen restricións o centro no que matriculan aos seus fillos e fillas, xa que son agora as familias as que perciben directamente esta contía a través dun bono mensual. Anteriormente os beneficiarios só podían acceder a unha praza nalgunha das instalacións adscritas a este programa, posto que eran as propias escolas as que recibían a subvención. Esta nova forma de pagamento da axuda permite ás familias conseguir unha maior flexibilidade ao poder escoller calquera centro, sempre que estea autorizado.

A contía a percibir varía en función da renda, e oscila entre os 45 euros mensuais e os 250 euros no caso da xornada completa con comedor. Por esta razón, o número

- ▶ Terán como prioridade, como en anos anteriores, aqueles nenos e nenas que xa tiveran concedida a axuda no curso pasado e, como novidade, establécense tamén como preferentes os solicitantes de concellos sen oferta de escolas infantís sostidas con fondos públicos
- ▶ Esta actuación permitirá ás familias contar cunha axuda para acudir a calquera escola infantil privada que escollan e terán de prazo un mes para solicitala
- ▶ A contía a percibir polos usuarios por cada praza de xornada completa oscilará entre os 45 euros mensuais das rendas máis altas e os 250 euros para as rendas máis baixas.

total de beneficiarios -que adoita ser de 1.000 aproximadamente- pode variar en función de cal sexa a renda das familias que soliciten cada ano estas axudas. Unha vez concedida, só se pode variar o tipo de servizo solicitado polas seguintes circunstancias: pasar a situación de desemprego ou outros motivos laborais; enfermidade grave dos pais, nais ou representantes legais; ou situación de nulidade, separación ou divorcio.

No acceso ás axudas, os requisitos que hai que cumprir son principalmente dous: ter unha nena ou neno nacido con posterioridade ao 31 de decembro de 2012 e non dispoñer doutras axudas para igual ou análoga finalidade outorgadas por outros organismos ou institucións

públicas ou entes privadas que, en concorrencia coa regulada nesta orde, supere o custo da praza.

Con respecto aos novos solicitantes, mantéñense os criterios da orde de cursos pasados: poderán beneficiarse da axuda aquelas persoas con nenos e nenas de 0 a 3 anos que tiñan solicitado praza pública e non resultaran adjudicatarias, sempre e cando exercesen a opción polo cheque infantil cando a solicitaron. Tamén terán dereito a esta subvención aquelas persoas que residan en localidades onde non existan escolas infantís de 0 a 3 anos sostidas con fondos públicos.

Na orde enténdese como prazas sostidas con fondos públicos, aquelas dependentes directamente da rede de escolas infantís da Xunta, das corporacións locais ou ben aquelas de iniciativa social que son subvencionadas polo Goberno galego. Este ano, vaise manter o mesmo período de presentación de solicitudes que o ano pasado, co obxectivo de que se consoliden esas datas para que as familias poidan ter unha previsión dos prazos anuais da convocatoria e de que as resolucións estean listas no mes de xullo.

Esta orde de axudas vén a complementar a orde de financiamento das escolas de iniciativa social que foi publicada no DOG o pasado mes de xaneiro. Esta convocatoria destina en 2015 máis de 3 millóns de euros para manter unhas 2.700 prazas en escolas infantís, ás que agora se sumarán as que sexan financiadas polo cheque infantil.

http://www.igualdadebenestar.org/interior.php?txt=arbore_web20&lg=gal

<http://benestar.xunta.es/web/portal/axudas?content=/Benestar/Contidos/Axudas/>

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150427/AnuncioCA05-210415-0002_gl.pdf

A Xunta abre o prazo de inscrición do programa de voluntariado ambiental nas Illas Atlánticas no que poderán participar 380 persoas

- ▶ O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, e a directora xeral de Conservación da Natureza, Verónica Tellado, explicaron en Santiago as características desta iniciativa
- ▶ Os participantes executarán 2.000 xornadas de acción voluntaria nas illas Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada
- ▶ Poderán tomar parte maiores de 16 anos, se ben os menores de idade deberán contar con autorización dos pais, e as inscricións xa se poden facer a través da plataforma voluntariadogalego.org
- ▶ Os participantes recibirán ao remate do programa un certificado acreditativo da acción que desenvolvan

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2015.-

A Xunta vén de abrir hoxe o prazo de inscrición para o programa de voluntariado ambiental no Parque Nacional das Illas Atlánticas no que poderán participar un total de 376 voluntarios e voluntarias maiores de 16 anos, aínda que os menores de idade só poderán tomar parte coa autorización dos pais. Os participantes executarán 2.000 xornadas de acción voluntaria nas illas Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada.

O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, e a directora xeral de Conservación da Natureza, Verónica Tellado, presentaron en Santiago as características desta iniciativa que permite canalizar, a través do voluntariado, a participación activa dos cidadáns no coñecemento e conservación do medio ambiente natural, así como axudar nas tarefas de recuperación dos ecosistemas dos arquipélagos das Illas Atlánticas. As inscricións xa se poden facer a través da plataforma voluntariadogalego.org.

Segundo explicou Rodeiro, os voluntarios e voluntarias terán cuberta a manutención, o aloxamento, o material necesario para a actividade e contarán cun seguro de accidentes e de responsabilidade civil e, ademais, ao finalizar a actividade obterán un certificado acreditativo da acción voluntaria que realicen, que será inscrita como experiencia voluntaria no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.

Pola súa banda, a directora xeral de Conservación destacou

que a través do voluntariado bríndase a oportunidade de xuntar a participación activa da sociedade no coidado e na conservación deste auténtico refuxio da biodiversidade, ao tempo que permite aos voluntarios gozar do parque e dos seus valores.

Catro accións diferentes

O programa de voluntariado ambiental conta nesta edición con catro accións diferentes.

No mes de maio, a illa de Ons contará con grupos de 6 persoas voluntarias en quendas de 5 días, de luns a venres.

En xuño, xullo e agosto, as illas de Sálvora e Cortegada terán grupos de 8 voluntarios en xornadas diarias, sen pernoctar. Os martes saíran do porto de Carril cara a Cortegada ás 12,00 horas, regresando ás 19,00 horas. E os xoves, a actividade terá lugar en Sálvora, entre as 10,00 e 18,00 horas, con saída desde Aguiño.

As accións que realizarán en Ons, Sálvora e Cortegada centraranse especialmente na colaboración cos técnicos do propio Parque Nacional en tarefas de oceanografía e recursos mariños, fauna, flora e biodiversidade. Entre outros labores, poderán cooperar na erradicación de especies alóctonas, en apoio ás tarefas de guías e información, na adecuación de sinais indicativas, na reforestación con especies autóctonas ou na limpeza de praias e sistemas dunais.

Nas illas Cíes desenvolveranse dous tipos de accións nos meses de xullo e agosto. Na primeira, o obxectivo principal, tal e como explicou Rodeiro, é dar apoio ás persoas con diversidade funcional que visitan a illa, ofrecéndolles acompañamento tanto nas visitas guiadas a lugares de interese, como nos momentos de ocio. Esta actividade terá lugar en quendas de 7 días, de mércores a mércores, e poderán participar tres voluntarios por quenda.

A segunda das accións das Cíes é un campo de traballo que contará con catro quendas de 12 días de duración cada unha. Poderán participar 120 voluntarios de entre 18 e 30 anos de diferentes nacionalidades, xa que é unha actividade de carácter internacional. A actividade que desenvolven será ambiental e consistirá en labores

de mantemento da illa, vixilancia de incendios, traballos de información e sensibilización aos visitantes e intervencións puntuais de mellora no parque.

Segundo indicou Verónica Tellado, as actividades previstas contribuirán polo tanto a producir un impacto social e ambiental positivo, onde todos os participantes co seu traballo fanse responsables da mellora da contorna do parque.

Actividades de formación

Ademais, Rodeiro explicou que o programa inclúe tamén tres accións formativas. A primeira delas xa se celebrou do 19 de marzo ao 20 de abril e os 412 voluntarios que fixeron o curso puideron coñecer a problemática ecolóxica xerada polas plantas invasoras en ecosistemas sensibles como os das illas do Parque nacional.

O segundo curso está destinado a coñecer os beneficios que teñen as actividades de voluntariado ambiental para aquelas persoas con dificultades sensoriais, motoras ou mentais. Esta acción terá lugar no mes de maio e xa conta con 442 voluntarios e voluntarias anotados.

Por último, no mes de maio e en Vigo impartiranse formación aos voluntarios que participen no programa de acompañamento a persoas con discapacidade funcional nas Cíes.

<http://www.voluntariadogalego.org/web/>



Aberto o prazo de presentación de solicitudes para acollerse á Orde de voluntariado xuvenil que beneficiará 830 mozos e mozas

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2015.- O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, informou de que xa está aberto o prazo de presentación de solicitudes para acollerse á Orde de Voluntariado Xuvenil, que este ano conta cun 13,5% máis de orzamento, ata acadar os 500.000 euros, e permitirá incorporar 830 mozos e mozas a través de entidades e concellos.

Rodeiro participou no Encontro provincial de voluntariado que acolleu a Escola Galega de Administración Pública, o segundo dos catro encontros provinciais no que participan dirixentes, técnicos e voluntarios de entidades e concellos. Na mesma análiseouse a actualidade do terceiro sector en Galicia, como a redacción do decreto polo que se crea o Observatorio Galego de Acción Voluntaria, as ordes de axudas ou o deseño da Estratexia de acción voluntaria 2015-2018.

O director xeral aproveitou o encontro para lembrar a publicación, o pasado venres 17 de abril no Diario Oficial de Galicia, da orde do 7 de abril de 2015 pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.

As axudas van dirixidas a entidades de acción voluntaria, concellos e mancomunidades de Galicia, así como tamén aos municipios que, pertencendo a unha mesma zona, acorden desenvolver programas

conxuntos de actuación sen constituír unha mancomunidade.

A novidade máis importante desta liña de subvencións con respecto a de anteriores anos é o incremento no importe máximo das axudas para incentivar os proxectos conxuntos. Deste xeito, a orde sinala que as solicitudes individuais de concellos contarán cun importe máximo de 4.800 euros; mentres que si son dous os municipios, a axuda será de 12.000 euros.

O período subvencionable abranguerá desde o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2015. O prazo de presentación de solicitudes abarca ata o 18 de maio deste ano. Os proxectos deberán incorporar a mozos e mozas de 16 a 30 anos que non teñan participado neste programa en outras edicións. En total, calcúlase que o número de voluntarios xuvenís que se incorporarán a estes proxectos é de 830.

As áreas prioritarias, pero non exclusivas, para desenvolver estes programas son as actividades relacionadas co Camiño de Santiago, as de recuperación da cultura, arte e tradicións populares; actividades con colectivos en situación de risco, xuvenís ou relacionadas coa igualdade de xénero; así como a posta en marcha de programas de voluntariado no ámbito familiar.

Os participantes poden realizar o voluntariado un mínimo de 15 e un máximo de 60 xornadas distribuídas segundo acorden coa entidade.

As axudas establecidas son de 6 euros por xornada e mozo en

- ▶ O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, participou no Encontro provincial de voluntariado en Santiago
- ▶ Como novidade incrementase o importe máximo das axudas ata os 4.800 euros nas solicitudes individuais e ata os 12.000 euros si son dous os municipios
- ▶ O período subvencionable abranguerá desde o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2015 e o prazo de presentación de solicitudes abarca ata o 18 de maio do presente ano.

concepto de gastos de transporte e manutención e 4 euros por xornada e voluntario para as entidades que desenvolvan o proxecto en concepto de seguros e gastos de xestión.

Estas experiencias son incorporadas ao Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia na sección de Experiencias Voluntarias das persoas e reciben un certificado oficial da súa participación no programa.



http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150417/AnuncioCA05-100415-0001_gl.pdf



Xuventude oferta 800 prazas para participar en campos de traballo de Galicia, outras comunidades autónomas e o estranxeiro

- ▶ A convocatoria acaba de publicarse na web <http://xuventude.xunta.es> e o prazo de inscrición abrírase o mércores 22 de abril
- ▶ Preto de 500 prazas estarán en Galicia, máis dun cento no resto de España, e case 200 distribuiranse en distintos países de todo o mundo
- ▶ Os seus destinatarios son mozos e mozas galegos de entre 18 e 30 anos.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2015.-

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, oferta este ano preto de 800 prazas para participar en campos de traballo de Galicia, doutras comunidades autónomas e de distintos países do mundo. A convocatoria acaba de publicarse na web <http://xuventude.xunta.es> e o prazo de inscrición abrírase o próximo mércores 22 de abril.

O total de prazas distribúese do seguinte xeito: 485 de acollida en instalacións desta comunidade

autónoma; 115 noutras zonas de España; e 197 serán de envío a outros países. Deste xeito, e cunha oferta un 18 por cento superior á do ano pasado, Galicia convértese na autonomía española que máis prazas convoca en campos de traballo.

Este tipo de iniciativas constitúen unha "excelente" ferramenta de educación non formal para a mocidade, xa que engloban actividades de participación, voluntariado ou mobilidade. Así, promoven a implicación da mocidade, aprofundando en materias do seu interese. Ao mesmo tempo, a mobilidade

cara outros territorios favorece o intercambio de experiencias e o desenvolvemento de valores como a convivencia, tolerancia, ou traballo en equipo. Os participantes poderán acreditar a súa experiencia a través de certificados de educación non formal.

Oferta concreta

En concreto, en Galicia haberá 22 campos de traballo en: Illas Cies (4 quendas), Cotobade, Ribadumia, Illa de Cortegada (Vilagarcía), Riós, Muíños, Celanova, Vilar de Barrio, A Peroxa, Portomarín, Xermade, Quiroga, Outes, A Laracha (2 campos), Ponteceso, Boqueixón, Rois e Padrón.

As quendas serán de 10 ou 12 días ao longo do verán, e os voluntarios poderán participar en actividades ambientais, etnográficas, sociais, arqueolóxicas ou de

fomento do emprendemento. Nos campos galegos poderán participar mozos e mozas desta comunidade autónoma, doutras zonas do territorio nacional, de países estranxeiros e pertencentes á Galicia exterior.

No resto de España haberá prazas en Andalucía, Aragón, Canarias, Cantabria, Castela A Mancha, Castela e León, Cataluña, Ceuta, Estremadura, A Rioxa, Madrid, País Vasco e Comunidade Valenciana.

No estranxeiro, a oferta chegará a 31 países de varios continentes: Alemaña, Armenia, Bielorrusia, Bélxica, Camboia, China, Corea do Sur, Costa Rica, Escocia, Estados Unidos, Estonia, Francia, Grecia, India, Islandia, Italia, Xapón, Lituania, México, Nepal, Países Baixos, Reino Unido, República Checa, Rusia, Serbia, Suíza, Tailandia, Taiwan, Turquía, Ucraína e Vietnam.

Publicada no DOG a convocatoria do programa "Deseñando o teu futuro" que facilita un primeiro contacto coa realidade laboral

- ▶ Esta iniciativa está destinada a que mozos e mozas de entre 14 e 18 anos realicen estadias ou visitas non remuneradas en empresas galegas
- ▶ A duración das experiencias será de entre 5 e 15 días hábiles e teñen como obxectivo axudar aos participantes a decidir a súa futura formación profesional.

Santiago, 11 de abril de 2015.- O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a convocatoria do programa de educación non formal "Deseñando o teu futuro", que ten como obxectivo aproximar aos mozos e mozas de entre 14 e 18 anos á realidade das empresas.

Así, o programa financiará proxectos dirixidos a que estes mozos e mozas realicen estadias ou visitas non remuneradas a empresas radicadas en Galicia. A duración destas experiencias será de entre

5 e 15 días hábiles, cunha xornada mínima de catro horas. A data límite de realización dos proxectos será o 15 de novembro e o número máximo de participantes por cada un deles será de 30 mozos.

Deste xeito, os participantes poderán adquirir coñecementos, aptitudes e habilidades que lles axuden a decidir a súa futura formación profesional, tras facilitarlles un primeiro contacto coa realidade laboral do seu contorno.

Cabe lembrar, ademais, que esta iniciativa pioneira en España

é unha actividade de educación non formal, unha formación que o Goberno galego acredita de forma oficial.

Poderán solicitar estas axudas tanto os concellos ou mancomunidades, como as entidades sen ánimo de lucro que traballen no eido da xuventude. O orzamento total será de 130.000 euros: 85.000 para as entidades locais; e 45.000 para as organizacións sen ánimo de lucro.

A cantidade subvencionable calcularase a razón de 6 euros por participantes e día para cubrir os gastos de manutención e desprazamento do mozo ou moza, así como 100 euros por participante para cubrir os custos derivados da organización destas estadias.

O prazo para solicitar será dun mes a partir de hoxe. Toda a información está dispoñible no portal web <http://xuventude.xunta.es>.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150410/AnuncioCA05-300315-0002_gl.pdf



Traballo informa sobre as vantaxes do programa Galeuropa que permitirá a 3.000 mozos realizar prácticas no estranxeiro ata 2020

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2015.-

A Consellería de Traballo e Benestar vén de informar hoxe á mocidade sobre as vantaxes do programa Galeuropa nunha xornada que organizou en Santiago para explicar e dar visibilidade a esta iniciativa que xestiona a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado no marco da educación non formal e na que poderán participar 3.000 mozos e mozas ata o ano 2020.

A titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, asistiu a esta xornada, á que tamén acudiron representantes do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais de Alemaña. No programa participan un total de dez países: Alemaña, República Checa, Holanda, Irlanda, Italia, Francia, Polonia, Portugal, Suecia e España.

Galeuropa, no que a Consellería de Traballo e Benestar investirá ata 2020 un total de 7 millóns de euros, ofrece aos mozos e mozas galegos menores de 25 anos a oportunidade de realizar prácticas laborais no estranxeiro durante períodos de dous ou tres meses, co obxectivo de que poidan adquirir unha experiencia laboral que supón unha mellora do seu currículo e das súas oportunidades no mercado laboral.

<http://xuventude.xunta.es/>



Ademais, segundo explicou Mato, este ano como novidade vincúlase a participación en Galeuropa coa presentación dun proxecto personalizado de mobilidade que se desenvolverá en colaboración coas empresas galegas.

Deste xeito, e tal e como expuxo a conselleira, este programa axudará á mellora e actualización permanente das empresas galegas, aprendendo a través dos mozos e mozas como traballa o seu sector en Europa, os avances tecnolóxicos e técnicos que aplican, a organización do traballo ou as estratexias de internacionalización, entre outros. "Os participantes desenvolverán un papel de nexo entre emprendedores e produtores de distintos países de Europa, facendo deste programa un núcleo do intercambio de experiencias e o crecemento", apuntou a conselleira.

Para poñer en marcha esta iniciativa, a Xunta conta co cofinanciamento da Iniciativa Europea de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo. A convocatoria deste ano, que se publicará no mes de maio previsiblemente, contará cun millón de euros e a participación de 500 mozos e mozas, o que supón un incremento do 55 por cento con respecto a 2014.

Así mesmo, a titular de Traballo destacou que Galicia é pioneira

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, asistiu á xornada informativa sobre a convocatoria do programa de mobilidade transnacional xuvenil dirixido a menores de 25 anos
- ▶ Como novidade este ano, a Xunta vincula a participación en Galeuropa coa presentación dun proxecto personalizado de mobilidade que se vai desenvolver en colaboración coas empresas galegas
- ▶ Nesta edición, ademais, os participantes deberán estar inscritos no fichero nacional do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil do ámbito territorial de Galicia
- ▶ Mato destacou que a Xunta ofertará este ano 2.250 prazas de mobilidade

neste programa a nivel do Estado e é a primeira comunidade autónoma incorporada a este rede de mobilidade transnacional, ao tempo que explicou que outra das novidades deste ano é que os participantes deberán estar inscritos no fichero nacional do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito territorial de Galicia. Mato lembrou que, a través deste sistema, a Xunta ten posto en marcha 9 medidas específicas que contan cun orzamento de 48 millóns de euros e 30.000 potenciais beneficiarios. Este Plan de garantía xuvenil é complementario ao Plan de emprego xuvenil que a Xunta puxo en marcha o ano pasado e conta cun orzamento de 100 millóns de euros.

Aposta pola educación non formal

Por último, a conselleira destacou a aposta do Goberno galego

pola mellora continua da oferta de educación non formal, lembrando que Galeuropa, ademais, desenvolve valores como a iniciativa, a toma de decisións, a responsabilidade ou o traballo en equipo, todos eles moi valorados polas empresas á hora de contratar a novos traballadores e traballadoras.

En 2015, a Consellería de Traballo e Benestar ten aumentando nun 25 por cento o orzamento para os programas de educación non formal que contarán con 2,5 millóns de euros e 4.000 beneficiarios. Neste eido, o mes pasado publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) unha orde que regula a expedición de certificacións oficiais das experiencias, competencias e habilidades adquiridas polos mozos en todos este tipo de programas. En concreto, en programas de mobilidade en 2014 ofertáronse máis de 2.000 prazas a través de Galeuropa, La Ida, Erasmus Plus ou campos de traballo cun orzamento de 1,8 millóns de euros. Para 2015, a previsión do departamento autonómico é aumentar as prazas ata as 2.250 e un orzamento de 2,3 millóns de euros.

En definitiva, Mato destacou que "Galeuropa vai dotar a Galicia de profesionais con coñecementos do funcionamento do mundo empresarial internacional e o dominio de idiomas estranxeiros contribuíndo, deste forma, á mellora da súa vida persoal e profesional e ofertando recursos humanos de calidade ao tecido empresarial galego".

Catálogo de publicacións na web



BITEB. Boletín Informativo de Trabajo e Benestar abril 2015, nº 105

Publicación periódica mensual na que se recollen novas sobre as actuacións máis salientables da Xunta de Galicia nos eidos laboral e do benestar. Acompaña a publicación unha recompilación normativa de lexislación relacionada con estes ámbitos de carácter autonómico (DOG e diarios oficiais das restantes comunidades autónomas), estatal (BOE) e comunitario (DOUE).

Acceso:
http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BITEB_n_106_Abril_2015.pdf




Fichas dos colectivos no mercado laboral galego



Publicación periódica de carácter anual na que se nos dá información sobre as variables básicas que determinan a estrutura do mercado laboral dos seguintes colectivos: mulleres traballadoras, menores de 30 anos, maiores de 54 anos e estranxeiros. O obxectivo é que sirva de fundamento para a instrumentación de políticas orientadas á mellora da situación do mercado de traballo.

Acceso:
http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/fichas_mercado_laboral_colectivos_2015.pdf

Fichas Provinciais do Mercado Laboral Galego



Información estruturada a través de fichas nas que se nos proporciona un estudo polo miúdo do mercado laboral galego nas 4 provincias da Comunidade Autónoma de Galicia achegando datos de poboación, paro rexistrado e contratación.

Acceso:
http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/fichas_mercado_laboral_provincias_2015.pdf

Fichas comarcais do mercado laboral galego



Información estruturada a través de fichas nas que se nos proporciona un estudo pormenorizado do mercado laboral galego nas 53 comarcas da Comunidade Autónoma de Galicia e nas que se achegan datos de poboación, paro rexistrado e contratación.

Acceso:
http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/fichas_mercado_laboral_comarcas_2015.pdf

Fichas comarcais do mercado laboral galego



A través de fichas, esta publicación danos un estudo polo miúdo do mercado laboral na Comunidade Autónoma de Galicia, achegando datos de poboación, paro rexistrado e contratación.

Acceso:
http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/fichas_mercado_laboral_comarcas_2015.pdf

Fixa_RSE: O Boletín do Observatorio Galego da Responsabilidade Social Empresarial



Boletín de periodicidade trimestral que nace cun dobre obxectivo: ser punto de referencia na responsabilidade social empresarial para as organizacións galegas do territorio e dar visibilidade a todas aquelas accións que supoñan un impulso para facer real a RSE en Galicia.

Acceso galego:
http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/FIXA_RSE_n3_GAL_v2.pdf
 Acceso castelán:
http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/FIXA_RSE_n3_ES_v2.pdf

Xuventude Novas



Boletín de periodicidade mensual que recolle as novas máis salientables no ámbito da xuventude.

Acceso:
http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/XuventudeNovas_N60_Abril2015.pdf

Publicacións editadas ou de próxima aparición:

- ▶ Iniciativa Xove – O reto da educación non formal
- ▶ Acción d'Verán '15. Campamentos
- ▶ Acción d'Verán '15. Actividades
- ▶ Xuventude. Novas
- ▶ Ficha do mercado laboral galego 2015
- ▶ Fichas provinciais do mercado laboral galego
- ▶ Fichas comarcais do mercado laboral galego
- ▶ Fichas dos colectivos no mercado laboral galego
- ▶ Manual do alumno. Curso de prevención de trastornos musculoesqueléticos para técnicos do sector de acuicultura.
- ▶ Manual do alumno. Curso de prevención de trastornos musculoesqueléticos para traballadores da industria cárnica (matadoiros de gando porcino)
- ▶ Prevención de trastornos musculoesqueléticos en mataderos de gando porcino
- ▶ Prevención de trastornos musculoesqueléticos en matadorios de gando porcino. Guía de boas prácticas Issga
- ▶ Prevención de trastornos musculoesqueléticos en mataderos de gando vacuno. Guía de boas prácticas Issga.
- ▶ Prevención de trastornos musculoesqueléticos en acuicultura: piscifactorias (castelán)
- ▶ Prevención de trastornos musculoesqueléticos en acuicultura (piscifactorias). Guía de boas prácticas Issga.
- ▶ Prevención de trastornos musculoesqueléticos en acuicultura (piscifactorias). Guía de buenas prácticas Issga
- ▶ Estatísticas en materia de economía social. 2014
- ▶ Execución de medidas xudiciais prevista na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. Estatística 2014
- ▶ Boletín Fixa_RSE nº 3
- ▶ Boletín Fixa_RSE nº 3 (castelán)
- ▶ Estudo sobre a inclusión de cláusulas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral nos convenios colectivos
- ▶ Un ano de mobilidade xuvenil 2014
- ▶ Prevención de riscos laborais en explotacións de gando vacún. Os Atende do Issga. Agro
- ▶ Prevención de riesgos laborais en explotacións de gando vacuno. Os Atende do Issga. Agro
- ▶ Acción d'Verán '15. Campos de traballo
- ▶ Xuventude novas, nº 60 – abril 2015
- ▶ BITeB, nº 106, abril 2015

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

- Resolución do 25 de marzo de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas periódicas de apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (DOG nº 62, do 01.04.2015).
- Resolución do 25 de marzo de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (DOG nº 62, do 01.04.2015).
- Orde do 30 de marzo de 2015 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2015 e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 66, do 09.04.2015).
- Orde do 27 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases do programa Deseñando o teu futuro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (DOG nº 67, do 10.04.2015).
- Orde do 30 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases que rexen as axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 67, do 10.04.2015).
- Decreto 46/2015, do 19 de marzo, polo que se crea a Librería Institucional da Xunta de Galicia. (DOG nº 68, do 13.04.2015).
- Decreto 52/2015, do 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario. (DOG nº 69, do 14.04.2015).
- Orde do 1 de abril de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupación de concellos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (DOG nº 69, do 14.04.2015).
- Orde do 1 de abril de 2015 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, para a contratación temporal de persoas beneficiarias do Programa de activación para o emprego, e se procede á convocatoria para o ano 2015. (DOG nº 70, do 15.04.2015).
- Decreto 54/2015, do 12 de marzo, polo que se regulan o procedemento e os efectos da garantía do dereito á segunda opinión médica no Sistema público de saúde de Galicia. (DOG nº 72, do 17.04.2015).
- Orde do 7 de abril de 2015 pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (DOG nº 72, do 17.04.2015).
- Decreto 55/2015, do 26 de marzo, polo que se regula o exercicio do dereito á libre elección de persoal médico de familia, pediatra e persoal de enfermaría en atención primaria, e de centro ou complexo hospitalario por un problema de saúde novo, no Sistema público de saúde de Galicia. (DOG nº 73, do 20.04.2015).
- Orde do 13 de abril de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do concurso de iniciativas cooperativas e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (DOG nº 75, do 22.04.2015).
- Decreto 59/2015, do 16 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2015. (DOG nº 76, do 23.04.2015).
- Orde do 21 de abril de 2015 pola que se regula a oferta de prazas para estadias e tratamento termal dentro do programa de Benestar en balnearios 2015, e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 77, do 24.04.2015).
- Orde do 20 de abril de 2015 pola que se regulan as axudas económicas para a atención da primeira infancia en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos a través do programa Cheque infantil e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 78, do 27.04.2015 e corrección de erros no DOG nº 80, do 29.04.2015).
- Orde do 20 de abril de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2015 das subvencións para o financiamento da formación e da actividade laboral dos contratos para a formación e aprendizaxe regulados polo Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro. (DOG nº 78, do 27.04.2015 e corrección de erros no DOG nº 81, do 30.04.2015).
- Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración. (DOG nº 81, do 30.04.2015).
- Orde do 21 de abril de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para implantar a responsabilidade social empresarial (RSE) e a igualdade nas pequenas e medianas empresas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se convocan para o exercicio 2015. (DOG nº 81, do 30.04.2015).

Normativa das comunidades autónomas:

Andalucía

<http://www.juntadeandalucia.es/eboja/>

- Corrección de erros de la Orden de 20 de marzo de 2015, por la que se prorrogan algunas de las medidas aprobadas por el Decreto-ley 8/2014, de 10 de junio, de medidas extraordinarias y urgentes para la inclusión social a través del empleo y el fomento de la solidaridad en Andalucía (BOJA núm. 59, de 26.3.2015). (BOJA de 06.04.2015)
- Corrección de erros de la Orden de 19 de marzo de 2015, por la que se modifica la de 22 de septiembre de 2011, por la que se establecen las bases reguladoras y convocatoria de las subvenciones especiales reguladas en el Real Decreto 196/2010, de 26 de febrero, que se cita (BOJA núm. 57, de 24.3.2015). (BOJA de 07.04.2015)
- Resolución de 28 de marzo de 2015, de la Dirección General de Autónomos y Planificación Económica, por la que se acuerda la distribución territorial de los créditos disponibles para la concesión de las subvenciones previstas en el Programa de Fomento y Consolidación del Trabajo Autónomo, regulado por el Decreto-ley 2/2015 de 3 de marzo, de medidas urgentes para favorecer la inserción laboral, la estabilidad en el empleo, el retorno del talento y el fomento del trabajo autónomo. (BOJA de 07.04.2015)
- Resolución de 25 de marzo de 2015, del Instituto Andaluz de la Juventud, por la que se regula la convocatoria para selección y aprobación de actividades formativas correspondientes al Plan de Formación 2015 de esta Agencia. (BOJA de 10.04.2015)
- Corrección de erros de la Resolución de 19 de febrero de 2015, de la Dirección General del Instituto Andaluz de la Juventud, por la que se regulan y se convocan para el año 2015 los premios, campeonatos y certámenes correspondientes al Programa «Desencaja» (BOJA núm. 40, de 27.2.2015). (BOJA de 15.04.2015)
- Corrección de erros del Decreto 115/2015, de 24 de marzo, por el que se modifica el Decreto 154/2011, de 10 de mayo, por el que se regula el Consejo Andaluz de Participación de las Mujeres (BOJA núm. 59, de 26.3.2015). (BOJA de 16.04.2015)

- Corrección de erros del Decreto 115/2015, de 24 de marzo, por el que se modifica el Decreto 154/2011, de 10 de mayo, por el que se regula el Consejo Andaluz de Participación de las Mujeres (BOJA núm. 59, de 26.3.2015). (BOJA de 21.04.2015)
